

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016066	CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	O Carballiño	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	3º ESO	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	7
3.1. Relación de unidades didácticas	8
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

1. Introducción

Neste documento expónse a programación didáctica para a materia de Relixión Católica en 3º de Educación Secundaria Obrigatoria. Dita programación realizouse para planificar o traballo docente durante o curso lectivo, organizando o proceso de aprendizaxe dos alumnos tanto a nivel temporal como no ámbito dos obxectivos, contidos e metodoloxías a utilizar que se exporán ao longo de presente documento.

Para a elaboración desta programación teremos en conta as instrucións da Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e a elaboración da concreción curricular (Resolución do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25). Ademais do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación, ademais de seguir a lexislación vixente en materia de educación (ver apartado correspondente), relacionase directamente co Plan Xeral do Centro, aprobado polo claustro e consello escolar. Neste ámbito integra dentro da mesma os distintos plans ou documentos aos que fai referencia o documento anterior coma son o Plan Dixital, o Proxecto Lector, o Plan de Convivencia, etc... dedicándolle un apartado nesta mesma programación onde se describe a implicación desta materia nos mesmos.

1.2. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

1.2.1. XUSTIFICACIÓN XERAL DA PROGRAMACIÓN

O obxectivo desta programación é planificar e organizar a acción docente ao longo do curso 2024/2025. Dirixir a aprendizaxe dos alumnos e as alumnas na materia de Relixión Católica e ser unha guía que permita a eficiente transmisión de coñecementos ao alumnado e a mellor comprensión e asimilación destes.

Ter presente en todo momento a programación anual evita problemas derivados dunha actuación improvisada e/ou rutineira. Polo tanto, planificación e deseño da mesma deber ter en conta os diferentes aspectos a ter en conta, metas (competencias e obxectivos); os coñecementos, procedementos e condutas sobre os que imos traballar (contidos); as estratexias, métodos, actividades, instrumentos e medios que axudarán a conseguilo (metodoloxía); e, finalmente, o modo no que imos contrastar que o proceso que deseñamos serve para conseguir o que pretendemos (avaliación).

É evidente que o grupo de alumnos que nos atopamos nun aula non é homoxéneo e isto ten que contemplarse na programación didáctica, tendo en conta as súas características, a súa contorna, os seus intereses, as súas capacidades, etc.

E, dado que as características dos alumnos non son uniformes, a programación expón as medidas de atención á diversidade en coordinación co departamento de orientación para que os alumnos/as que o precisen poidan alcanzar os obxectivos e competencias do currículo ou ampliar os mesmos, no caso de altas capacidades.

1.2.2. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN NA MATERIA DE RELIXIÓN CATÓLICA.

O ensino da Relixión Católica preséntase como unha materia curricular de oferta obrigatoria para os centros educativos e de elección voluntaria para as familias, co obxectivo de contribuir ao desenvolvemento integral do alumnado. O currículo desta materia deriva do diálogo enriquecedor entre a Teoloxía, que achega os saberes esenciais baseados na visión cristiá da vida, e outras fontes curriculares, como a psicopedagogía, que orientan o proceso educativo na Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

O deseño curricular de Relixión Católica ten en conta o contexto educativo global, alineándose coas competencias clave do marco europeo (2018) e cos horizontes educativos de 2025. Ademais, incorpora a sensibilidade dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e da cidadanía global e intercultural, ao mesmo tempo que se compromete coa reimaxinación dos futuros da educación, centrada no "aprender a ser e a convivir". A materia tamén se ve influenciada polo Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a importancia da persoa nos procesos educativos, o respecto pola diversidade, a promoción da igualdade de xénero, a responsabilidade familiar e o coidado da "casa común".

Ademais, o currículo reflicte iniciativas como a Misión 4.7 sobre ecoloxía integral e o Alto Comisionado para a Fraternidade Humana, co obxectivo de fomentar a paz e a convivencia entre diversas relixións. O ensino da Relixión Católica mantén o seu carácter distintivo, aprofundando no diálogo fe-cultura e fe-razón, ao mesmo tempo que responde aos desafíos educativos do século XXI.

A finalidade da ESO é que os estudantes adquieran os coñecementos culturais básicos, desenvolvan hábitos de estudo e traballo, e estean preparados tanto para a súa inserción no mundo laboral como para o exercicio dos seus dereitos e deberes cidadáns. A materia de Relixión Católica, en coherencia con estes obxectivos, contribúe á formación integral do alumnado, axudando á maduración do seu proxecto persoal e profesional en diálogo cos principios cristiáns.

O currículo de Relixión Católica promove o coñecemento da tradición cultural e relixiosa, ao tempo que fomenta hábitos e valores necesarios para a convivencia social. Ademais, ofrece ao alumnado ferramentas para dar sentido ás súas vidas a través dun enfoque humanista e cristián, facilitando o seu crecemento interior e a súa participación activa na sociedade.

A estrutura curricular intégrase plenamente no marco establecido pola LOMLOE e contribúe ao desenvolvemento das competencias clave. É un currículo aberto e flexible, adaptado ás diferentes contornas educativas, o que facilita a súa programación.

Esta programación adáptase ás necesidades e ao ritmo evolutivo do alumnado, mantendo unha secuenciación coherente dos contidos e aplicando unha metodoloxía pedagóxica acorde coa etapa. Baseada no enfoque competencial da LOMLOE, céntrase no desenvolvemento práctico de habilidades e competencias que favorecen o progreso persoal e a participación activa na sociedade.

As situacións de aprendizaxe propostas polos docentes de Relixión Católica son estimulantes, significativas e integradoras. Están deseñadas para promover a reflexión crítica e creativa, así como a inclusión, a sustentabilidade e a cidadanía global. Estas situacións de aprendizaxe teñen en conta os intereses do alumnado e facilitan a mobilización eficaz de coñecementos, habilidades e valores, favorecendo a transferencia do aprendido a contextos da vida cotiá.

1.3. CONTEXTUALIZACIÓN

O Colexio Plurilingüe Vila do Arenteiro é un centro concertado (centro privado sostido con fondos públicos) que se atopa na Urbanización de Corzos dentro do termo municipal de O Carballiño (a menos de 2 km. do seu centro urbano) pero e limítrofe co concello de Maside, xa que a vía que pasa por diante e unha pequena parte da superficie que ocupa pertencen a este segundo Concello.

A súa oferta educativa é a seguinte:

Escola Infantil (Educación Infantil de 0 a 3 anos).

- Educación Infantil de 3 a 6 anos.
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria.
- Tres aulas de Ed. Especial.
 - 2 Aulas de Psíquicos.
 - 1 Aula de Plurideficientes.

O centro educativo so ten unha liña que engloba dende 4º de Educación Infantil (3 anos) ata 4º de Educación Secundaria.

A maior parte dos alumnos que entran na etapa de Educación Primaria proveñen da Etapa de Educación Infantil realizada no propio centro.

A urbanización na que se atopa e unha zona residencial formadas preferentemente por vivendas individuais (chalet), contando cunha zona común de esparcemento e un ximnasio privado con piscina climatizada. É limítrofe co Polígono Industrial da Uceira e a menos dun kilómetro dispón de dúas superficies comerciais dedicadas a alimentación.

A características da súa localización e que é unha edificación de dúas plantas nun paraxe natural idóneo para o contacto do alumnado coa natureza debido as amplas zonas axardinadas no seu interior e estar rodeado de zonas boscosas e praderío.

O centro dispón de dúas pistas deportivas, un pavillón cuberto e espazo para o entretemento nos momentos de lecer (recreos). Posúe laboratorio, sala de informática, comedor, biblioteca, aula de audiovisuais e de idiomas.

O nivel socio-cultural da poboación escolar é medio-alto; as familias compóñense por un ou dous proxenitores ao redor dos 35-40 anos de idade, cun ou dous fillos, xeralmente. É reseñable o incremento de novas formas de familia distintas á tradicional. A maioría de pais e nais do alumnado traballa fóra de casa. Moitos deles son profesionais liberais, funcionarios, profesores, comerciais, administrativos, etc. A maior parte ten unha formación media e moitos dispoñen de estudos universitarios, valoran positivamente a formación académica e cultural dos seus fillos e colaboran co centro.

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) adoita encargarse dalgúns actividades como é a campaña de igualdade ou a recollida de xoguetes para os máis necesitados, tamén fomenta a lectura con sorteo de libros nas datas sinaladas.

O centro funciona con horario de mañá e tarde conforme ao horario exposto no apartado correspondente. As actividades deportivas e extraescolares desenvólvense os xoves e venres pola tarde.

O edificio consta de dúas plantas e catro zonas ben diferenciadas. No lateral dereito, visto dende a entrada, está a Escola Infantil e as tres aulas de Educación Infantil, no lateral dereito están as aulas de Educación Primaria e o acceso ao pavillón. No centro de dita planta baixa está a cociña e o comedor escolar, sendo os laterais da entrada os correspondentes a dirección e sala de profesores (dereita) e aula de Logopeda, Audición e Linguaxe e aula de Pedagogía Terapéutica. Na planta superior, na parte central están as aulas de Educación Secundaria, Informática e

Tecnoloxía (parte posterior) e Biblioteca e aula de Inglés (anterior). No lateral esquerdo da parte superior está o Laboratorio, as dúas aulas de Pedagogía Terapéutica, Apoio e Audiovisual.

O centro dispón dun espazo web (www.viladoarenteiro.com), a aula virtual para o alumnado é Google Classroom de WorkSpace de G-Suite e utiliza as plataformas Abalar e Educamos para a comunicación cos pais onde mediante o seu nome de usuario e contraseña os alumnos ou pais (dependendo da plataforma) poden acceder e consultar as diferentes propostas dos profesores ou dirección do centro (véxase o epígrafe Plan Dixital do Centro). As aulas de clase son todas exteriores, ben iluminadas e ventiladas, e dispoñen do mobiliario e os materiais axeitados para o uso. Cada aula conta cun taboleiro dixital para apoio educativo. As instalacións exteriores son o patio, un ximnasio cuberto e dúas pistas de deportivas.

1.4. CARACTERÍSTICAS DO GRUPO DE ALUMNOS

A etapa de Educación Secundaria Obrigatoria organízase nunha soa aula por curso na que estudan alumnos de entre 12 e 16 anos. Neste caso a aula de 3º de Educación Secundaria compoñenna 9 alumnos e alumnas que escolleron a materia de Relixión Católica. Todo o alumnado provén do propio centro educativo, onde cursou a materia de Relixión Católica en 2º de ESO.

Desde o punto de vista do desenvolvemento dos estudantes, a Educación Secundaria Obrigatoria coincide coa adolescencia. Nestes anos, os escolares experimentan un proceso de cambio especialmente significativo. Ao redor dos 12 anos advírtese cambios importantes na personalidade do alumnado. Estes cambios, que afectan tanto ao seu desenvolvemento físico e intelectual como ao ámbito afectivo, constituirán os trazos máis característicos dos alumnos nesta etapa. Os adolescentes viven cambios afectivos e sociais de gran transcendencia neste período da súa vida e entre estas transformacións hai que engadir as modificacións, non menos importantes, que se producen no ámbito cognitivo e intelectual. A partir dos 12 anos desenvolven un tipo de pensamento de carácter abstracto que permite a realización de operacións lóxico-formais e a resolución de problemas máis complexos. Os alumnos posúen unha maior capacidade de razoamento, de formulación e comprobación de hipótese, de argumentación, reflexión, análise e exploración das variables que interveñen nos fenómenos. Este tipo de pensamento adoita consolidarse ao redor dos 16 anos. É nesta etapa cando se adquire e consolida o pensamento abstracto formal nos alumnos. Resulta moi importante estimular o desenvolvemento cognitivo dos estudantes durante esta fase, creando situacións que esixan o uso da dedución, o razoamento, o pensamento crítico, etc.

Outra característica do desenvolvemento evolutivo durante a adolescencia é o crecente interese dos alumnos pola súa contorna física-social. Iso esixe iniciarlles no coñecemento profundo das relacións sociais, así como proporcionarlles unha educación acorde co sistema de valores establecidos. A construción da propia identidade, a aceptación das posibilidades e os límites do propio corpo, a asimilación e a elaboración de significados culturais, así como o desenvolvemento dun nivel aceptable de autoestima son aspectos dunha importancia capital a estas idades. Por este motivo, non poden ser esquecidos na acción dos docentes. Algúns destes aspectos, entre outros, conforman parte das competencias que deben adquirir os alumnos durante a Educación Secundaria.

O grupo de 3.º de ESO co que imos traballar é heteroxéneo, a maioría levan estudando no centro dende o inicio da etapa educativa e outros foronse incorporando paulatinamente. Ademais, incorporáronse alumnos que realizaron os estudos en centros educativos galegos e outros no estranxeiro, predominando os países de procedencia iberoamericanos. Teñen asumida unha cultura de diálogo e de respecto na aula. Iso non impide actitudes críticas, de enfrontamento nalgunhas situacións entre eles mesmos e con algúns profesores. Nun dos últimos puntos da programación abarcase o Plan de Convivencia onde se tratan os posibles comportamentos disruptivos.

Tamén atopamos heteroxeneidade a hora de adquisición dos coñecementos. Os materiais expostos no blog do profesor (<https://viladoarenteiro.blogspot.com/>), as fichas que se lles entregan, así como as ferramentas que este usa permiten un aprendizaxe dinámico e integrador tendo coma principal metodoloxía o uso do cine coma recurso didáctico onde o alumno pode integrarse sen dificultade e avanzar a un ritmo semellante aos seus compañeiros. Buscase unha educación inclusiva na que todo o alumnado poida ser atendido dentro da súa particularidade, sen discriminación. E neste ámbito que o departamento de orientación, en coordinación cos docentes e titores de aula teñan un papel fundamental.

1.5. MARCO LEGAL

A modificación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) coa aprobación da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, (LOMLOE), supuxo a regulación dunhas novas ensinanzas mínimas para as etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato a actualización dos currículos das áreas/materias/ámbitos que se impartían no sistema educativo galego e a publicación de nova normativa na Comunidade Autónoma de Galicia.

A programación seguindo a normativa exposta a continuación.

- ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa
- RESOLUCIÓN do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25.
- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- ORDE do 9 de agosto de 2023 pola que se amplía a relación de materias optativas da educación secundaria obrigatoria e se establece o seu currículo.
- LOMLOE Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- LOE Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación.
- DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- REAL DECRETO 476/2013, do 21 de xuño, polo que se regulan as condicións de cualificación e formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil e de Educación Primaria. Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación. Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias

1.6. CALENDARIO ESCOLAR

O Calendario Escolar para o curso 2024/2025 atópase no seguinte enlace:
www.edu.xunta.gal/portal/calendarioescolar

1.7. DOCENTE E HORARIO

O Horario Lectivo da materia de Relixión Católica para o curso 2024/2025 será: luns de 15:30 - 16:20.

1.8. DISPOÑIBILIDADE DA PROGRAMACIÓN

Como documento público que é, esta programación didáctica da materia de Relixión Católica do Colexio Vila do Arenteiro, poderá ser consultada en calquera momento por todos os sectores interesados, e por iso, as copias das mesma estarán a disposición.

- Dirección do centro educativo.
- Aula virtual do alumnado (Google Classroom).
- Páxina web do Centro Educativo (www.viladoarenteiro.com)
- No blog do profesor titular da materia Juan José Sanmartín Rodríguez: <https://viladoarenteiro.blogspot.com/>

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do Reino de Deus, para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unha rede de coidados	O ser humano é un ser dependente que necesita da sociedade para desenvolverse. Para os cristiáns, Deus coida de cada un dos seres humanos. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos reflexionasen sobre esa rede de coidados.	12	5	X		
2	Coídomo	Todas as persoas necesitan coidar a súa interioridade como lugar no que se fraguan todos os vínculos constitutivos do ser humano. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos reflexionarán sobre as dimensións do autocoidado	12	4	X		
3	Coidámonos	O coidado e a axuda mutua é o que permitiu ao ser humano de todos os tempos. Todos somos responsables de todos. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos serán consciente diso reflexionando sobre a súa realidade escolar.	12	4	X		
4	Lugares de coidado	A importancia do coidado e a axuda mutua ha xerado numerosos produtos culturais e institucións e estruturas sociais e culturais. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos sociais poderán reflexionar sobre eles e definir o mapa dos seus lugares de coidado.	12	4		X	
5	Coidar o futuro	As decisións que tomamos teñen consecuencias para o futuro persoal e colectivo. Os desafíos colectivos da humanidade e a visión cristiá do futuro e da historia fannos caer na conta da importancia desa perspectiva. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos coñeceranas e reflexionarán sobre a importancia de adoptar decisións que debuxen un futuro mellor para todos.	12	4		X	
6	Xesús coidador	Os xestos e accións de coidado de Xesús foron unha constante no seu ministerio. Para el, eran manifestación	12	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Xesús coidador	do auténtico ser de Deus e pediu aos seus discípulos que seguisen a súa misión. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos comprenderán a misión de Xesús e reflexionarán sobre a importancia dos pequenos xestos.	12	4		X	
7	Cidadáns do mundo	Para os cristiáns a acollida e a hospitalidade é consecuencia da igual dignidade do ser humano, creado por Deus, e do creado como casa común da humanidade. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán a importancia da hospitalidade, en todas as culturas e relixións, e prepararanse para saber como ser acolledores	14	5			X
8	Unha Igrexa que coida	As comunidades cristiás, desde o primeiro momento, organizáronse para a misión o que obrigaba a que a súa organización interna e a súa misión respondesen á vontade de Jesús de atender aos máis necesitados. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos coñeceranas e valorarán a importancia do voluntariado	14	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unha rede de coidados	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Comprende que a relación persoal con Deus é un elemento crave na visión crente do ser humano.	PE	70
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Incorpora no seu proxecto persoal valores de coidado propio como parte da responsabilidade moral cun mesmo, segundo o mandamento evanxélico do amor		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Propón accións concretas para o coidado da natureza e o goce da Creación como agasallo de Deus		
CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.	Identifica a raíz bíblica e teolóxica que, para o cristianismo, fundamenta o coidado propio e mutuo		
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Recoñece os vínculos de coidado que establecemos cos demais e cos seres vivos e analiza a realidade para discriminar actitudes e comportamentos que respondan á comprensión cristiá do coidado	TI	30
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Profundar no diálogo da ecoloxía integral coa reflexión científica sobre o desenvolvemento sostible.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Razonabilidade da fe, desenvolvemento integral da persoa e fomento do ben común. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático. - A esperanza cristiá e a santidad.

UD	Título da UD	Duración
2	Coídomo	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Recoñece todas as dimensións persoais que, desde a perspectiva cristiá, expresada desde o relato do Xénese, hai que coidar para unha formación humana integral.	PE	70
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Vincula a persoa e a mensaxe de Xesús coa necesaria mirada ás necesidades dos outros á hora de definir o proxecto persoal de vida		
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Reflexiona sobre a repercusión nos outros do coidado integral persoal.		
CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.	Recoñece na mensaxe e as prácticas de Xesús de Nazaret un camiño de encontro connosco mesmos, os demais e Deus e distinguir a proposta doutras relixións		
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Relaciona algunhas expresións culturais e artísticas co canon de beleza dos seus contextos históricos	TI	30
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Pon en diálogo as contribucións do desenvolvemento sostible e o benestar físico, o deporte coa tradición bíblica e a ecoloxía integral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido.

Contidos
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.

UD	Título da UD	Duración
3	Coidámonos	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Descubre nos textos de referencia da antropoloxía cristiá o carácter sacro do vínculo que nos une aos demais e comprende a encarnación de Jesús e as súas consecuencias	PE	70
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Valora a cooperación e a axuda fronte á competición como comportamento desexable para o desenvolvemento persoal e social		
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Achega a análise das necesidades e as propostas de coidado á súa realidade máis próxima		
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Vincula a misión da Igrexa coa experiencia dos primeiros discípulos de Jesús		
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Analiza, descubrindo o seu significado, obras artísticas nas que se expresan contidos bíblicos ou teolóxicos	TI	30
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Pon en diálogo as contribucións das ciencias naturais e as ciencias sociais valorando a súa complementariedade coa tradición bíblica e a ecoloxía integral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.

Contidos

- Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana.
- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.
- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.
- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.
- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural.
- Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.
- Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes.

UD	Título da UD	Duración
4	Lugares de coidado	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Descubre, desde a perspectiva cristiá, a importancia da arte, a cultura e a beleza no coidado e desenvolvemento de todas as dimensións, incluída a transcendente, do humano	PE	70
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Analiza relatos evanxélicos para comprender o sentido do compromiso cristián e relacionar a ecoloxía integral expresada na encíclica Laudato si con algunhas accións de coidado da natureza		
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Valora respostas cívicas a cuestións de prevención e coidado á luz da doutrina social da Igrexa		
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Profunda no coñecemento a misión da Igrexa, a súa organización e o seu servizo á sociedade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Comprende a importancia e recoñece lugares e estruturas de coidado nos que se organiza a vida social	TI	30
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Recoñece en obras literarias a expresión da comprensión cristiá do vínculo coa natureza		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo. - Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas. - Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural. - Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.

UD	Título da UD	Duración
5	Coidar o futuro	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Expresa a importancia dos dons recibidos e da vocación persoal á hora de pensar no futuro persoal e colectivo inspirándose na relación de Xesús co seu Pai	PE	70
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Reflexiona sobre os desafíos futuros, ecolóxicos e sociais, da sociedade e a responsabilidade anticipatoria do ser humano contemporáneo á luz do Maxisterio da Igrexa		
CA1.7 - Participar criticamente na promoción da diversidade cultural, expresando e achegando creativamente as experiencias propias, respectando as diferenzas entre persoas e comunidades.	Expresar creativamente a súa visión dos riscos, desafíos, e esperanzas no futuro propio e da humanidade		
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Recoñece os xéneros literarios e expresións artísticas nas que se expresou o horizonte cristián do futuro	TI	30
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Profundar no diálogo da ecoloxía integral coa reflexión científica sobre o desenvolvemento sustentable.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Estratexias de comunicación en distintas linguaxes das propias ideas, crenzas e experiencias en contextos interculturais. - Razonabilidade da fe, desenvolvemento integral da persoa e fomento do ben común. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural. - Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos

Contidos
- saberes. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián.

UD	Título da UD	Duración
6	Xesús coidador	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Identifica a importancia da confianza, nun mesmo, nos demais, en Deus, na elaboración do proxecto vital	PE	70
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Reflexiona sobre a importancia do autocoidado, a confianza e a axuda mutua para a saúde física e mental		
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Descobre nas palabras e accións de Xesús a razón da compaixón ante do sufrimento dos outros.		
CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.	Coñece os puntos en común de diferentes tradicións relixiosas na concepción do carácter sacro da natureza		
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Identifica a orixe da comunidade cristiá no anuncio e testemuño da memoria da entrega de Xesús	TI	30
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Investiga sobre persoas e institucións que se comprometen cos demais en situacións de emerxencia como expresión do coidado aos máis desfavorecidos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Analiza os desafíos da humanidade á luz de da doutrina da Igrexa expresada en Fratelli Tutti		
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Relaciona expresións bíblicas xurdidas dunha cultura nómade con categorías teolóxicas que expresan o amor de Deus e analiza una obra de arte comprendendo o significado relixioso que transmite		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.

UD	Título da UD	Duración
7	Cidadáns do mundo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Coñece as razóns, xestos e costumes de acollida e hospitalidade das diferentes tradicións relixiosas ou culturais	PE	70
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Recoñece na tradición bíblica o carácter sacro da acollida e a hospitalidade fundamentado no ser dun Deus que acolle especialmente aos máis desfavorecidos		
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Identifica a misión universal da Igrexa, respectando a diversidade cultural, como mandato de Xesús e descobre que o "Pobo de Deus" non se identifica cunha pertenza racial, cultural o identitaria		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Pon en diálogo as contribucións das ciencias naturais e o desenvolvemento sustentable coa tradición bíblica e a ecoloxía integral		
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Reflexiona sobre a perspectiva do corazón e dos talentos á hora de ir configurando un proxecto vital	TI	30
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Comprende que a acollida e a hospitalidade son expresión do recoñecemento á dignidade humana		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.

Contidos

- Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián.
- Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.
- A esperanza cristiá e a santidad.

UD	Título da UD	Duración
8	Unha Igrexa que coida	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Considera a importancia de buscar a unidade por encima das diferenzas e o sentido cristián da compaixón e o perdón.	PE	70
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Coñece iniciativas sociais e eclesiais que contribúen a tecer redes de coidados		
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Recoñece achegas culturais de inspiración cristiá na que se expresa e materializa a admiración e o coidado da natureza		
CA1.10 - Favorecer a convivencia social en contextos plurais, respectando as opcións persoais e xerando espazos de diálogo e encontro.	Entende o ecumenismo como un movemento que busca a unidade de todas as ramas do cristianismo e coñece experiencias de diálogo interreligioso		
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Profunda na misión da Igrexa e a súa achega á sociedade. Identifica a caridade e o coidado mutuo, como nota distintiva da Igrexa e aprecia o valor da comunidade cristiá e as súas celebracións.		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Pon en diálogo as ciencias naturais coa ecoloxía integral		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Recoñece o valor do acompañamento no proceso de decisión do proxecto persoal	TI	30
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Valora o voluntariado como expresión do compromiso coas necesidades dos máis vulnerables		
CA1.7 - Participar criticamente na promoción da diversidade cultural, expresando e achegando creativamente as experiencias propias, respectando as diferenzas entre persoas e comunidades.	Expresa, utilizando linguaxe audiovisual, o valor da unidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Estratexias de comunicación en distintas linguaxes das propias ideas, crenzas e experiencias en contextos interculturais. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo. - A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural. - Valor das prácticas espirituais do monacato, a mística e a devoción popular. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta. - Actitudes e destrezas de diálogo ecuménico e interrelixioso con pleno respecto ás conviccións propias e as dos outros. - O compromiso das relixións na construción da paz e a superación da violencia e os fundamentalismos. - A esperanza cristiá e a santidad.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición e o desenvolvemento das competencias clave do Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, que se concretan nas competencias específicas de cada materia ou ámbito da etapa, veranse favorecidos por metodoloxías didácticas que recoñezan ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe. Para iso, é imprescindible a implementación de propostas pedagóxicas que, partindo dos centros de interese dos alumnos e alumnas, permítanlles construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias. As situacións de aprendizaxe representan unha ferramenta eficaz para integrar os elementos curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, ditas situacións deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo, deben estar compostas por tarefas complexas cuxa resolución conleve a construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o aprendido en contextos próximos á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, aliñado cos principios do Deseño universal para a aprendizaxe, permite aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, as características e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O deseño destas situacións debe supoñer a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos. Ademais, deben propoñer tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI.

A didáctica da materia de Relixión Católica, aliñada co enfoque competencial, promóvese a través da participación activa do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe, incorporando metodoloxías activas e recursos que favorezan a reflexión crítica, a creatividade e o diálogo. Un destes recursos clave é o uso do cine como ferramenta pedagóxica.

O cine como recurso educativo na materia de Relixión

O cine é unha ferramenta eficaz para o ensino da Relixión Católica xa que permite abordar cuestións éticas, espirituais e filosóficas de maneira accesible e atractiva. As películas, ao apelar ás emocións e experiencias visuais, proporcionan ao alumnado un contexto vivo e complexo no que poden identificar valores, conflitos morais e modelos de comportamento. Ademais, as historias narradas nas películas poden fomentar o pensamento crítico, o debate ético e a reflexión sobre as cuestións fundamentais da vida, tales como o sentido da existencia, a morte, o amor ou a xustiza.

As secuencias didácticas que integren o cine no ensino da Relixión deben estar planificadas de forma que o visionado dunha película ou fragmentos dela se complementen con actividades que fomenten a análise e a reflexión. Estas actividades poderían incluír:

- Visionado guiado: O alumnado pode ver unha película con indicacións sobre aspectos específicos que deben observar, tales como o comportamento dos personaxes, as decisións morais ou as representacións relixiosas e culturais.
- Debate e reflexión crítica: Despois do visionado, foméntase o diálogo en grupo para analizar os temas tratados no filme á luz dos valores cristiáns, das ensinanzas da Igrexa e da realidade social.
- Análise de secuencias clave: Estudar escenas concretas que presenten dilemas éticos ou momentos de transformación persoal dos personaxes, para logo contrastar coas ensinanzas do Evanxeo ou o magisterio da Igrexa.
- Comparación con textos relixiosos: Relacionar os temas ou os conflitos da película con pasaxes bíblicas ou ensinanzas da tradición cristiá, facilitando o diálogo entre cultura e fe.
- Traballos creativos: Fomentar que o alumnado produza ensaios, proxectos artísticos ou relatos inspirados no visionado e nos debates xerados.

A selección das películas debe ser coidadosa, elixindo aquelas que sexan apropiadas á idade do alumnado e que presenten contidos que favorezan a reflexión ética e relixiosa. Filmes como *Los Miserables* (2012) ou *La Misión* (1986)

ofrecen oportunidades para explorar temas de perdón, redención, xustiza social e sacrificio desde unha perspectiva cristiá.

En resumo, o cine como recurso educativo na materia de Relixión Católica non só enriquece o enfoque pedagóxico, senón que tamén conecta coas experiencias vitais do alumnado, facilitando a construción de aprendizaxes significativas e o desenvolvemento de competencias transversais como o pensamento crítico, a empatía e o traballo en equipo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Películas seleccionadas: Escolma de películas que aborden temas éticos, relixiosos ou filosóficos, como Los Miserables (2012), La Misión (1986), Camino (2008), El Gran Milagro (2011), ou El hombre que hacía milagros (2000).
Blog do docente https://viladoarenteiro.blogspot.com/
Textos de apoio: Guías con preguntas de reflexión, actividades relacionadas cos filmes e recursos bibliográficos para que o alumnado poida realizar traballos de análise.
Pasaxes bíblicas: Textos seleccionados da Biblia que se relacionen cos temas ou conflitos presentados nas películas. Isto permitirá facer unha análise comparativa entre o relato cinematográfico e as ensinanzas relixiosas.
Plataformas de video en streaming: Servizos como YouTube, Netflix, Disney+ ou plataformas educativas como eFilm ou AulaCine ofrecen acceso a unha gran variedade de películas e documentais que poden empregarse nas clases. É importante ter unha conta institucional ou educativa para facilitar o uso legal destes recursos.
Aplicacións de creación de presentacións: Ferramentas como PowerPoint, Canva ou Prezi poden ser útiles para que o alumnado cree presentacións que resuman as súas análises das películas, fomentando a comunicación e o traballo en equipo.

Non contan con libro de texto. Achegaraselle os materiais para que todos os alumnos aprendan, desenvolvan as súas competencias e transfiran as aprendizaxes ás súas vidas.

Os recursos facilitan un enfoque innovador e dinámico, adaptado ás novas tecnoloxías, que motiva ao alumnado a participar activamente no seu proceso de aprendizaxe, utilizando unha linguaxe audiovisual que lles resulta familiar e atractiva.

O uso de Google Workspace e Google Classroom como aula virtual no centro ofrece numerosas vantaxes para o ensino. En primeiro lugar, permite unha xestión eficiente das clases, facilitando a organización de tarefas, exames e material didáctico, todo nunha única plataforma accesible desde calquera dispositivo con conexión a internet. Ademais, fomenta o traballo colaborativo mediante ferramentas como Google Docs, Slides e Sheets, que permiten a edición simultánea e o intercambio de ideas en tempo real. A avaliación tamén se ve mellorada, xa que os profesores poden realizar un seguimento do progreso do alumnado, ofrecer feedback instantáneo e personalizar a aprendizaxe. A integración de Gmail, Google Meet e Drive facilita a comunicación directa e a distribución segura de materiais, garantindo un entorno educativo organizado e eficiente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao tratarse dunha materia de oferta obrigatoria para o centro educativo, pero de libre elección para o alumnado, a participación na materia de Relixión é voluntaria. Isto significa que calquera estudante pode optar por cursala en calquera momento da súa traxectoria escolar, sen a necesidade de ter experiencia previa ou coñecementos específicos da materia. O currículo está deseñado para acoller a estudantes con diferentes niveis de exposición á materia, asegurando que todos poidan beneficiarse dela independentemente de se a cursaron antes ou non. Así, a materia está estruturada para facilitar a integración de calquera alumno ou alumna, ofrecendo contidos e actividades que se adaptan tanto aos que teñen unha maior familiaridade co tema como a aqueles que se inician por primeira vez.

Dado que non se esixe acreditar coñecementos previos, é importante que o profesorado poida identificar o punto de partida de cada estudante. Para iso, nas primeiras semanas do curso levarase a cabo unha avaliación inicial que axude a coñecer o nivel de cada alumno ou alumna, as súas expectativas e as áreas onde pode requirir máis apoio.

Esta avaliación inicial consistirá nun cuestionario que se realizará a través de Google Forms, unha ferramenta dixital que facilita a recollida e análise de datos de maneira rápida e eficiente. O cuestionario incluírá preguntas relacionadas cos coñecementos básicos sobre a Relixión Católica, así como coas experiencias e intereses dos estudantes respecto a temas éticos e espirituais.

A implementación de Google Forms permite un enfoque inclusivo e personalizado, xa que o profesorado poderá utilizar os resultados para adaptar as súas estratexias pedagóxicas ás necesidades individuais de cada estudante. Este proceso inicial de avaliación non será vinculante nin condicionará a nota final, senón que servirá como ferramenta diagnóstica para mellorar o seguimento e a aprendizaxe ao longo do curso. Ademais, fomenta o uso das novas tecnoloxías no ámbito educativo, promovendo a competencia dixital do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	12	12	12	12	14	14	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación na materia de Relixión calcularase do seguinte modo:

O 30% da nota corresponderá a unha proba ou probas escritas u online que avaliará os coñecementos adquiridos, tal como se establece no punto correspondente desta programación. Esta proba permitirá comprobar a comprensión dos contidos tratados durante o trimestre, incluíndo os aspectos teóricos, éticos e bíblicos abordados nas clases.

O restante 70% repartirase da seguinte forma:

- 30% atribuirase ao traballo realizado, tanto individual como en grupos, destacando a capacidade do alumnado para colaborar en actividades prácticas e reflexionar sobre os temas propostos. Isto inclúe a realización de proxectos, análises de películas e outras actividades creativas ou de investigación relacionadas cos contidos da materia.

- 40% valorará a actitude ante a aprendizaxe, destacando a participación activa nas clases, o interese demostrado polo alumnado, a súa implicación nas discusións e debates, así como o compromiso na realización das tarefas e proxectos propostos.

No boletín de notas, a cualificación final reflexarase cun número enteiro. Se a nota decimal supera as 5 décimas, redondearase ao número enteiro superior; no caso de que non alcance esa cifra, redondearase ao número enteiro inferior. Para aprobar a avaliación será necesario obter un mínimo de 5 despois do redondeo.

A cualificación final do curso na avaliación ordinaria obterase realizando a media das notas reais, sen redondeo, das tres avaliacións. O redondeo aplicarase do mesmo xeito que nas avaliacións individuais.

Criterios de recuperación:

No caso de que a media das tres avaliacións non alcance a nota mínima de 5, incluso despois do redondeo, programarase un plan de recuperación específico para que o alumnado suspenso poida superar as dificultades e aprobar o curso. Este plan incluírá traballos ou actividades centrados nas áreas nas que non se acadaron os obxectivos establecidos. A cualificación obtida na recuperación substituirá a parte non superada e, posteriormente, integrarase na nova nota de avaliación, que se empregará para calcular a media final da avaliación ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que haxa alumnos coa materia pendente, elaborárase un plan de reforzo segundo o establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. O plan será personalizado e consistirá nun caderniño que o alumno deberá ir contestando ao longo do curso. As respostas revisaranse con frecuencia para detectar os posibles problemas e realizar os axustes necesarios. A nota será a que corresponda tendo en conta que o caderniño avaliarase sobre 10 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

6.1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN:

Nun proceso de ensino-aprendizaxe que se basea na identificación das necesidades do alumnado, é esencial ofrecer recursos educativos que permitan adaptar a formación ás capacidades individuais de cada estudante. Na materia de Relixión Católica, e tendo en conta a metodoloxía empregada, non se consideran necesarias as Adaptacións Curriculares formais, xa que, en maior ou menor medida, todo o alumnado pode seguir a clase ordinaria. A flexibilidade das actividades e a súa adaptación ao nivel de cada estudante permiten responder ás diversas necesidades educativas.

En cada unidade didáctica propóñanse actividades de reforzo para o alumnado que precisa axustar o seu ritmo de aprendizaxe, así como actividades de ampliación para aqueles con maiores capacidades. Estas actividades figuran nos materiais didácticos a disposición do profesorado e permiten axustarse ao proceso de aprendizaxe individual. O profesor determinará que actividades son máis adecuadas para cada alumno, segundo as súas necesidades, sen que sexa necesario aplicar adaptacións curriculares específicas.

A estrutura de cada tema inclúe probas de avaliación, actividades de reforzo e de ampliación, e avaliación de competencias, permitindo a personalización das tarefas segundo as necesidades do alumnado. Dado que a metodoloxía da materia de Relixión permite unha adaptación continua das actividades, os recursos empregados son variados en tipoloxía e complexidade, facilitando así a atención á diversidade dentro da aula.

As reunións co equipo de orientación e apoio continuarán a ser unha ferramenta clave para realizar o seguimento da programación e definir as medidas necesarias para atender de forma adecuada ao alumnado que presente dificultades específicas.

MEDIDAS ORDINARIAS:

a) Organizativas:

- Reforzo educativo e/ou apoio do profesorado na aula.
- Flexibilidade nos tempos de traballo e horarios específicos cando sexa necesario.
- Adaptación dos espazos para garantir un ambiente axeitado ao traballo de cada alumno.

b) Curriculares:

• Adaptación das actividades metodolóxicas segundo as necesidades do alumnado, permitindo a integración de traballos en grupo, tutoría entre iguais e aprendizaxe por proxectos.

- Adaptación dos instrumentos de avaliación ou dos tempos dispoñibles para algúns alumnos.
- Programa de reforzo para aqueles que precisen revisar conceptos clave.

6.2. MEDIDAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO OU CON NECESIDADE DE COMPENSACIÓN EDUCATIVA:

No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEE), a metodoloxía flexible e adaptativa da materia de Relixión Católica facilita a súa integración sen precisar Adaptacións Curriculares significativas. A metodoloxía basease en actividades que poden ser axustadas ao nivel e capacidades do estudante, asegurando que todos poidan seguir o proceso de ensino-aprendizaxe con éxito.

Os alumnos con dificultades específicas ou que presentan altas capacidades intelectuais serán igualmente atendidos mediante a diversificación das actividades, asegurando que reciban unha atención personalizada, sen desvirtuar o obxectivo fundamental de integración de todo o alumnado. A materia de Relixión pretende garantir o desenvolvemento integral dos estudantes, proporcionando unha formación en valores e coñecementos que contribúan á súa madurez persoal e social.

A orientación educativa e a acción tutorial seguirán xogando un papel crucial na detección das necesidades dos alumnos, facilitando a adaptación das actividades en función das súas características persoais. A coordinación entre o profesorado e o equipo de apoio permitirá garantir unha resposta educativa axustada ás necesidades do alumnado, sen que isto supoña a creación de Adaptacións Curriculares formais para a materia de Relixión.

En resumo, a metodoloxía da materia de Relixión Católica está deseñada para ser inclusiva e adaptable, permitindo que o alumnado, independentemente das súas capacidades, poida seguir a clase ordinaria sen necesidade de modificacións curriculares específicas. As actividades de reforzo e ampliación, xunto co seguimento continuo, aseguran unha atención adecuada á diversidade na aula.

*ALUMNOS CON N.E.E NA MATERIA DE RELIXIÓN: 0

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ao traballar os mesmos descriptores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse plenamente nos proxectos de interdisciplinabilidade e no traballo por ámbitos, enriquecendo o enfoque global da aprendizaxe. Esta integración permite establecer unha conexión natural cos contidos e competencias doutras disciplinas, facilitando unha aprendizaxe máis transversal e coherente para o alumnado. Nos propios saberes de Relixión recóllese unha clara relación con outras áreas de coñecemento, especialmente Lingua, Historia, Xeografía, e Educación Plástica e Visual, pero tamén é relevante nas áreas de Lingua Inglesa e Matemáticas.

Por exemplo, na materia de Lingua trabállanse a comprensión e expresión oral e escrita, competencias que tamén son fundamentais na materia de Relixión, onde o alumnado debe ser capaz de reflexionar e articular as súas ideas e valores. De igual maneira, a Historia e a Xeografía permítennos contextualizar feitos relixiosos e culturais, achegando unha perspectiva máis ampla do papel das diferentes relixións ao longo do tempo e do seu impacto nas sociedades. A Educación Plástica e Visual, pola súa banda, conecta coa Relixión ao explorar a arte sacra, imaxes relixiosas e iconografía que teñen unha presenza fundamental no desenvolvemento cultural e artístico de diferentes civilizacións.

A Relixión tamén pode relacionarse con outras materias como Lingua Inglesa e Matemáticas. No caso da Lingua Inglesa, pódense traballar textos relixiosos ou culturais en lingua estranxeira, facilitando o desenvolvemento de vocabulario específico e mellorando a comprensión lectora nun contexto distinto. En Matemáticas, aínda que a relación poida parecer máis indirecta, o estudo de certos aspectos relixiosos que implican ciclos, datas ou medicións de tempo pode ser útil para traballar conceptos numéricos e lóxicos, como o calendario litúrxico ou cálculos de festividades relixiosas baseados en fenómenos astronómicos.

Deste xeito, a materia de Relixión contribúe a unha formación integral do alumnado, fomentando unha visión máis ampla e interdisciplinar que complementa o traballo noutras materias, como a Lingua Inglesa e as Matemáticas, ademais das humanidades e as artes. En conclusión, a Relixión, ao compartir descriptores operativos comúns, sitúase como unha materia clave para fomentar unha aprendizaxe interdisciplinar e un traballo colaborativo que engade valor ás demais disciplinas curriculares.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Nadal Solidario	Campaña de recollida de alimentos para Cáritas Carballino.	X		
Saídas culturais	Visita a centros de culto, centros de voluntariado, un museo, exposicións...		X	X
Obradoiros	Xestión de emocións, prácticas sostibles.		X	
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser: festas do calendario litúrxico católico (especialmente Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua), festas propias do centro, Día Internacional da Paz, semanas culturais.	X	X	X
Charlas formativas	Asociacións, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X

Observacións:

Participación en festividades, campañas, celebración, etc., tales como:

- 31 de outubro de 2024: Día do ensino/Samaín
- 10 de novembro de 2024: Día da Igrexa Diocesana: "Grazas por tanto".
- 20 de novembro de 2024: Día Internacional da Infancia.
- 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 2-8 de decembro de 2024: Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 8 de decembro de 2024: Festividade da Inmaculada Concepción.
- 10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 14 de xaneiro de 2025: Día Mundial da Relixión ou Día Internacional das Relixións.
- 24 de xaneiro de 2025: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2025: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro. • 8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller.
- Do 10 ao 16 de marzo de 2025: Semana da Prensa. Un día desta semana se traballará na aula cos periódicos.
- 15 de marzo de 2025: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- 1 de abril de 2025: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2025: Día Mundial de Saúde.
- 21-27 de abril de 2025: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2025: Día Internacional contra el Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2025: Día de Europa.
- 17 de maio de 2025: Día das Letras Galegas.
- 12-18 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2025: Día Mundial do Medio Ambiente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Revisión e avaliación da programación didáctica. Cuestionario Google Forms
Metodoloxía empregada
Indicadores de logro do proceso de ensino (docente). Cuestionario Google Forms
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Indicadores de logro do proceso de ensino (docente). Cuestionario Google Forms
Medidas de atención á diversidade
Indicadores de logro do proceso de ensino (docente). Cuestionario Google Forms
Clima de traballo na aula
Indicadores de logro do proceso de ensino (docente). Cuestionario Google Forms
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Indicadores de logro do proceso de ensino (docente). Cuestionario Google Forms

Descrición:

Nos seguintes apartados expoñense os cuestionarios para avaliar o proceso do ensino e a practica docente. Sendo de 1-5 (1 moi pouco e 5 moi ben) os indicadores de logro. Os cuestionarios realizaranse online mediante as ferramentas de Google Workspace.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Avaliación inicial e medidas adoptadas tras os resultados desta.
2. Adecuación ás características do alumnado.
3. Secuenciación e temporalización dos contidos das unidades didácticas.
4. Realización de actividades e retos.
5. Estratexias metodolóxicas seleccionadas.
6. Agrupamentos do alumnado.
7. Materiais e recursos didácticos postos en xogo.
8. Adecuación dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.
9. Instrumentos de avaliación.
10. Criterios de cualificación.
11. Medidas e respostas de atención á diversidade do alumnado.
12. Actividades complementarias e extraescolares planificadas e levadas a cabo.
13. Grao de satisfacción do alumnado coas aprendizaxes realizadas.
14. Grao de satisfacción do profesorado co proceso de ensino realizado.

PLANIFICACIÓN

1. Planifica a área tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos.
2. Planifica a área adaptándose ao tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia os contidos tendo en conta as particularidades do alumnado.
4. Adecúa a tipoloxía de actividades e as estratexias metodolóxicas en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as sesións de clase de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Contextualiza os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación para o seguimento do progreso da aprendizaxe dos alumnos e alumnas ás súas características.

DESENVOLVEMENTO

1. Sintetiza as ideas fundamentais aprendidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Mostra predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesoramento ao alumnado.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula e facilitar a súa aprendizaxe.
6. Formula actividades grupais e individuais.
7. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.
8. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
9. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da área e o nivel.
10. Dálle resposta ao alumnado que presenta diferenzas na aula.

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa e valora, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das distintas tarefas e actividades e como poden melloralas.
5. Utiliza suficientes situacións de aprendizaxe que garantan a participación de todo o alumnado.
6. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
7. Utiliza diferentes técnicas e instrumentos de avaliación en función das situacións de aprendizaxe formuladas.
8. Emprega distintos medios para informar das avaliacións de xeito continuado ao alumnado e á familia.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, farase na medida do posible, ao remate de cada situación de aprendizaxe, asegurando que se completou ao finalizar o trimestre. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico.

9. Outros apartados

1. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

As normas sobre convivencia nos centros docentes establecidas na lei de convivencia (LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro) suscribindo esta programación ao establecido no Plan de Convivencia incluído no P.X.A. do curso correspondente. Ademais é compromiso difundilo no centro: Profesorado, Titores, Departamento de Orientación, Equipo directivo e Consello escolar. Aplicar as medidas correctoras que se estimen adecuadas cando se produza unha incidencia: [1] - Pasar ao XADE tanto as faltas de puntualidade como as faltas de asistencia canto antes. [2] - Dialogar co alumnado. [3] - Informar ou pedir información ás familias, os titores oa ao Depart. de Orientación sobre a conduta do alumnado. [4] - Empregar a aula e o parte, se é preciso, de atención á diversidade cando sexa preciso.